



**Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa**  
**REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA**

**MD85PRO01**

**Programación Itinerario de Composición.**

**Curso 6º de Grao Profesional.**

Modelo. Programación. MD85PRO01. 01/09/2017. 1

**Departamento de Fundamentos de Composición.**

**Curso 2018-19**





## Índice

---

<b>1.</b>	<b>Introdución.....</b>	<b>3</b>
<b>2.</b>	<b>Metodoloxía.....</b>	<b>4</b>
<b>3.</b>	<b>Atención á diversidade.....</b>	<b>5</b>
<b>4.</b>	<b>Temas transversais.....</b>	<b>9</b>
	4.1 Educación en valores.....	9
	4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's).....	10
<b>5.</b>	<b>Actividades culturais e de promoción das ensinanzas.....</b>	<b>12</b>
<b>6.</b>	<b>Secuenciación do curso.....</b>	<b>12</b>
	6.1 Curso: 6º de Grao Profesional.....	12
<b>7.</b>	<b>Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica.....</b>	<b>32</b>
<b>8.</b>	<b>Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento.....</b>	<b>33</b>
<b>9.</b>	<b>ANEXOS.....</b>	<b>35</b>
	9.1 Probas de acceso 1º de grao profesional.....	35
	9.2 Probas de acceso a outros cursos.....	35
	9.3 Criterios para a obtención dos premios fin de grao.....	35





## 1. Introducción

O Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música dispón no seu artigo 9 que co obxecto de facilitar a consecución das finalidades a que se refire o artigo 2 do decreto, e atender os intereses do alumnado, establécense no sexto curso destas ensinanzas os seguintes itinerarios formativos:

a) Interpretación. b) Composición. c) Pedagogía. d) Musicoloxía.

A asignatura xustifícase como no 6º curso de grao profesional por:

- A presenza no grao superior da especialidade de *composición* na que na proba de acceso se inclúe un exercicio compositivo e a defensa oral dos traballos compositivos realizados polo aspirante no grao profesional.
- A presenza no grao superior da especialidade de *pedagogía da linguaxe e da educación musical* na que na proba de acceso se inclúe un exercicio compositivo con fins didácticos na que nos cursos 3º e 4º, como materia obrigatoria, aparece a asignatura de “Composición Aplicada” cuxos contidos están estreitamente relacionados cos desta programación.
- Resultar un reforzo para o alumnado que desexa acceder a outras especialidades que inclúan algún tipo de exercicio de composición.
- Servir como aplicación dos coñecementos adquiridos nos cursos anteriores do grao medio, especialmente os referidos á práctica harmónica e a análise.

### PRINCIPIOS XERAIS DA MATERIA

Esta materia pretende desenvolver no alumnado a capacidade de decidir qué procedementos das técnicas compositivas son os máis axeitados para cada momento da composición de exercicios ou pequenas obras e adecuar estes procedementos coherentemente a premisas didácticas.





## 2. Metodoloxía

---

### DESEÑO DAS ACTIVIDADES

#### DE AULA

- Explicación por parte do profesor do tema correspondente, ben a través do libro de texto ou por apuntes ou fotocopias.
- Exemplos prácticos relacionados co tema traballados no encerado.
- Audición dos traballos realizados tomando como ferramenta básica o piano.
- Traballo en clase de exercicios adecuados ó tema e corrección dos mesmos.
- Audición dunha obra ou fragmento e posterior debate sobre os elementos compositivos que a configuran.
- Audición de músicas “pop” e debate sobre os patróns harmónicos, rítmicos e melódicos utilizados nas mesmas.
- Análise dos elementos compositivos de obras ou fragmentos propostos polo profesor ou de común acordo cos alumnos.

#### EXTERNAS

- Traballo de exercicios harmónicos, contrapuntísticos e compositivos na casa e corrección dos mesmos na clase seguinte. Dita corrección será prioritariamente individual e, nalgún caso, colectiva a través do encerado escollendo ó azar o exercicio dun alumno/a.
- Audición dun fragmento ou obra proposta polo profesor para demostrar a comprensión da súa harmonía, procesos modulatorios, elementos melódicos e transformacións dos mesmos, elementos contrapuntísticos e forma.
- Análise de obras ou fragmentos propostos polo profesor que serán corrixidos e debatidos na clase.





## ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- Realización de traballos monográficos
- Audición de obras de diferentes épocas que inclúan os contidos do curso ademais de outros novos.
- Asistencia habitual a concertos.
- Visualización de obras en vídeo que de algún xeito poidan estar relacionadas cos contidos estudados.
- Asistencia a cursos monográficos relacionados cos contidos.
- Estrea en audición pública de obras compostas polo alumnado.

## AGRUPAMENTOS

- Grupos de 5/1 unha vez por semana 1 hora cada sesión de clase.

## ESPAZOS

- Aula de 30 metros cadrados

## 3. Atención á diversidade

---

Considerase alumnado con necesidade específica de apoio educativo, aquel que, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, polas altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ó sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia escolar, require unha atención educativa diferente á ordinaria para que poda alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.





## **ALUMNADO QUE PRESENTA NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS (ANEE)**

Entendese por alumnado que presenta necesidades educativas especiais o que requira, por un período da súa escolarización ou ó longo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas da discapacidade ou trastornos graves de conduta. Considérase ANEE cando amosa as seguintes características:

- Alumnos con dificultades de comunicación e linguaxe.
- Alumnado con discapacidade intelectual.
- Alumnado con hiperactividade e/ou déficit de atención.
- Alumnado con autismo.
- Alumnado con síndrome de DOWN.
- Alumnos con minusvalías físicas: adaptarse o espazo na aula e facilitarase o acceso á mesma.

## **ALUMNADO CON DIFICULTADES ESPECÍFICAS DE APRENDIZAXE**

Considérase que unha alumna ou un alumno presenta dificultades específicas de aprendizaxe cando o seu rendemento en relación á adquisición e uso dunha ou varias das capacidades de comprensión e expresión oral, lectura, escritura, razoamento e cálculo matemático é significativamente discrepante co seu potencial de aprendizaxe.

Conceptualmente, desde un punto de vista amplo, os trastornos da aprendizaxe (TA) defínense en base a un rendemento escolar por debaixo do esperado nas capacidades para a lectura, o cálculo e/ou a expresión escrita, tendo en conta a idade cronolóxica do alumnado, a súa escolarización e o seu nivel intelectual, que interfire negativamente no desenvolvemento do Proceso curricular e/ou nas actividades cotiás que requiren a adquisición das anteditas destrezas.





A resposta educativa axeitada aos TA vai consistir, pois, en detectar cales son as axudas que necesitan os estudantes para progresaren na súa aprendizaxe e empregar estas axudas en prol das necesidades inicialmente avaliadas.

## **ALUMNADO CON ALTAS CAPACIDADES INTELECTUAIS**

Unha alumna ou un alumno presenta altas capacidades intelectuais cando manexa e relaciona, de maneira simultánea e eficaz, nun nivel sensiblemente superior á media, recursos cognitivos verbais, numéricos, lóxicos, memorísticos, espaciais e creativos.

Considérase alumnado con sobredotación intelectual cando amosa as seguintes características: unha capacidade intelectual moi superior á esperada para a súa idade, unha alta creatividade e un alto grao de motivación e perseveranza.

Así, das persoas talentosas afirmase que mostran habilidades excepcionais en áreas moi concretas, polo que se caracterizan pola súa competencia específica.

Das persoas precoces destacan as aprendizaxes temperás, xa que manifestan unha competencia específica prematura, das que dicimos que son un prodixio, sinalamos que conseguen produtos inimaxinables e destacados para a súa idade.

Na elaboración das adaptacións curriculares individuais de alumnado con sobredotación, o máis frecuente é o uso de dous tipos de estratexias:

As adaptacións curriculares de ampliación ou enriquecemento vertical: consisten en aumentar a cantidade de contidos por aprender nunha ou varias áreas.

A ampliación curricular de enriquecemento horizontal: o aumento cuantitativo de contidos queda nun segundo lugar, mentres que prevalece a súa profundidade e a realización de interconexións entre os contidos que se aprenden.

## **ALUMNADO DE INCORPORACIÓN TARDÍA (PROCEDENTE DO ESTRANXEIRO)**

A chegada de poboación de orixe estranxeira á nosa Comunidade Autónoma, así como o retorno de emigrantes galegos e das súas familias, está a incidir notablemente na





evolución da diversidade na nosa poboación escolar, de xeito que proporcionar unha resposta educativa a este alumnado convértese nunha liña prioritaria de actuación.

Adoptaranse cantas medidas se consideren necesarias para proporcionar a debida atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro que presente todas ou algunha das seguintes circunstancias: descoñecemento das dúas linguas oficiais de Galicia, desfase curricular significativo, graves dificultades de adaptación. Estas medidas poderán ser tanto de tipo curricular como organizativo, irán dirixidas a todo o alumnado que conte cunha idade comprendida entre os tres anos e o límite da escolarización obrigatoria.

## **ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO POR CONDICIÓN PERSOAIS OU DE HISTORIA ESCOLAR**

Un alumno ou alumna pode presentar necesidade específica de apoio educativo derivada de condicións persoais ou de historia escolar cando manifesta dificultades na evolución das súas aprendizaxes e na adquisición de obxectivos e competencias por motivos de saúde, por pertenza a determinados grupos sociais ou minorías étnicas, por situacións socioculturais desfavorables, por escolarización desaxustada ou pola combinación de varios dos motivos mencionados.

Entre este alumnado inclúese aquel que presenta un retraso escolar significativo nunha ou en varias áreas ou materias, cun desfase curricular xeral de dous ou máis cursos ou niveis, e este non poida explicarse por necesidades educativas especiais, nin por dificultades específicas de aprendizaxe, nin por incorporación tardía ao sistema educativo. Entre este alumnado podemos considerar:

- Alumnado en situación de absentismo, abandono escolar temperán e/ou desescolarización.
- Alumnado que precisa atención educativa hospitalaria e domiciliaria.
- Alumnado menor sometido a medidas de responsabilidade penal.
- Alumnado sometido a medidas de protección e tutela.







- Alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar.
- Alumnado pertencente a familias itinerantes.
- Atención educativa a xoves embarazadas.

## 4. Temas transversais

---

.....

### 4.1 Educación en valores

A música, no dobre aspecto de ciencia e arte, contribue ó desenvolvemento no plano intelectual á vez que no plano emocional/afectivo coma xeito de expresión persoal e interrelación cos demais. Por todo elo posúe un gran potencial no desenrolo do equilibrio persoal e na formación de hábitos de escoita, tolerancia e respecto hacia os demais e hacia o entorno. Neste sentido, a lei educativa actual plantexa a educación en valores, dende todas as actividades do centro, partindo do plantexamento dos contidos ou eixos transversais que, sin adxudicarse a ningunha disciplina, é necesario que estean presentes no currículo para alcanzar aa formación integral da persoa. Estas cualidades intrínsecas da práctica e do coñecemento da música concrétanse do seguinte modo nos eixos transversais do currículo:

- EDUCACIÓN MORAL E CÍVICA E EDUCACIÓN PARA A PAZ: aceptación e recoñecemento dos demais a través do fomento das actividades grupais e mellora do coñecemento de outras culturas a través da súa música.
- A EDUCACIÓN PARA A SAÚDE: a práctica da música contribúe ó establecemento de hábitos de hixiene física e mental, xa que fomenta un desenvolvemento persoal equilibrado, a creación de novas vías de comunicación e a tendencia a perseguir a consecución dun ámbito que contribúa ao benestar. O primeiro aspecto cóidase de xeito específico nos contidos que fan referencia á educación da voz e corrección postural requirida tanto no canto coma no movemento e a danza. De xeito global, a música contribúe tamén ao equilibrio persoal na medida que se fomenta a





comunicación e se canaliza o desenvolvemento da expresividade, afondando no propio coñecemento e aceptación.

- **A IGUALDADE ENTRE AMBOS OS DOUS SEXOS:** no mundo musical evidéncianse ás veces actitudes estereotipadas acerca dos roles masculino e feminino, orixinadas na marxinação histórica -e obsoleta- da muller nos campos que supoñen unha proxección social. Os materiais deste Proxecto non dan cabida a ningún tipo de discriminación relacionada co sexo, nin na elección ou atribución dun instrumento para realizar unha interpretación, nin na distribución de tarefas de cara a crear unha coreografía, nin na composición e improvisación.
- **EDUCACIÓN DO CONSUMIDOR:** o mercado relacionado co consumo da música move un considerable volume económico, sendo o alumnado desta etapa un gran consumidor de produtos musicais. Polo tanto, é importante que adquira criterios de optatividade de calidade que lle permita consumir de forma libre e razoada. Os materiais presentan un abano amplo de estilos musicais, asociados todos eles a unhas actividades que axudan ao alumnado a descubrilos e aprecialos.
- **EDUCACIÓN AMBIENTAL:** é necesario concienciar o alumnado fronte á presenza indiscriminada e abusiva -a miúdo inútil e ademais, agresiva- do son no ámbito, fomentando a formación dunha actitude consciente e crítica.

## 4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC 's)

A competencia do tratamento da información e competencia dixital consiste en dispoñer de habilidades para buscar, procesar e comunicar información e aprender a transformala en coñecemento. Para desenvolver esta competencia os alumnos utilizarán as TIC nos procesos de aprendizaxe. Todas as actividades musicais pódense traballar nesta contorna.

Ditas (TIC) constitúen un dos eixos centrais da moderna sociedade da información e do coñecemento, cuxo alcance se estende a todas as parcelas da actividade humana, entre elas, a que configuran as disciplinas artísticas. Neste sentido, o carácter especializado dos





estudos musicais nas súas diferentes vertentes instrumentais ou vogal pode e debe complementarse coa adecuada formación dos instrumentistas ou cantantes no campo das TIC, como elemento indispensable da formación e do exercicio profesional do futuro músico. Neste contexto, a música incorporouse progresivamente ao acelerado proceso de innovacións científicas e tecnolóxicas que propiciaron a aparición de materias ou especialidades que teñen por obxecto tanto a adquisición dunha linguaxe comprensivo e unitario de todos os aspectos relacionados coas novas tecnoloxías, como a súa utilización e aplicación musicais. Para achegar aos estudantes a un primeiro contacto coa informática musical, parece necesario introducir os elementos básicos e a toma de contacto directo con esta disciplina de tanta aplicación e importancia na formación complementaria actual e futura de todo músico. Desta forma, amplíase e complementa o proceso formativo no que tanto esta materia como o resto (incluídas as optativas) contribúen notablemente a consolidar as bases e a orientación cara a posibles estudos posteriores ou ben cara ao exercicio profesional. Para este tipo de estudos requírese un equipamento informático completo, que contemple os recursos de hardware e software adecuados, así como os elementos accesorios e periféricos adecuados.

A web do centro constitúe un punto de referencia centralizada onde se aloxa aquela información de utilidade para toda a comunidade escolar, ademais de desempeñar certo labor de promoción do centro e das actividades que se organizan (reforzándose neste caso coas redes sociais coma Facebook e Twitter, Whatsapp...).

De vital importancia e a utilización da plataforma informática de xestión dos conservatorios CENTROS NET. Preténdese ir potenciando o uso da área do profesorado, así como da área do alumnado, onde estará dispoñible a programación didáctica e diferentes materiais relacionados coa materia: exercicios, contidos teóricos, enlaces a diferentes webs de recursos específicos, youtube, etc.





## 5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

---

Realización de traballos monográficos de cara a súa exposición nos que o departamento implicarase no proxecto de dinamización da Biblioteca do centro e colaborando coa revista do centro “Quiroguiana”.

Estrea en audición de obras orixinais dos alumnos/as que inclúan os contidos do curso ademáis de outros novos.

Dado o elevado número de concertos e actividades musicais programados no centro ao longo do curso, contéplase a posibilidade de asistir ás propostas de maior interese para o alumnado. Estas actividades de asistencia a concertos dentro do propio centro potencian moitos dos contidos intercurriculares que se presentan na programación, así como a vivencia da música dun xeito directo. Ademais fomentárase a asistencia a algún concerto fora do centro como actividade extraescolar en colaboración coa vicedirección do conservatorio.

Visualización de obras en vídeo que de algún xeito poidan estar relacionadas cos contidos de estudio.

Asistencia e organización de cursos monográficos relacionados cos contidos.

## 6. Secuenciación do curso

---

.....

### 6.1 Curso: 6º de Grao Profesional

#### 6.1.1 Obxectivos

##### 1º TRIMESTRE

1. Coñecer as normas de construción das melodías para o seu uso no contrapunto e na composición en xeral.





2. Coñecer as normas da condución harmónica das voces no contrapunto de especies, a dúas partes.
3. Coñecer a aplicación instrumental do contrapunto de especies.
4. Interiorizar os elementos estudados a través da súa realización no piano.
5. Coñecer os principais elementos e procedementos compositivos que interveñen no sistema tonal: notas alleas a harmonía; notas de paso, floreos e retardos.
6. Coñecer as variantes plagais, progresións modulantes, dominantes secundarias tanto nos exercicios harmónicos coma na práctica da composición.
7. Identificar a través da audición os elementos aprendidos.
8. Estimular o desenvolvemento da espontaneidade creativa.

## 2º TRIMESTRE

1. Coñece-las normas do contrapunto de 1ª, 2ª, 3ª, 4ª e 5ª especie, a tres partes.
2. Coñece-los recursos imitativos no contrapunto.
3. Coñecer as normas do contrapunto trocado ou invertible á 8ª e a súa aplicación na invención e noutras composicións.
4. Coñecer os principais elementos e procedementos compositivos que interveñen no sistema tonal: notas alleas a harmonía; anticipacións, escapadas, elisións, así como os acordes de 9ª de dominante.
5. Interiorizar os elementos estudados a través da súa realización no piano.
6. Identificar a través da audición os elementos aprendidos.
7. Coñecer outras formas de pensamento ou organización melódica e a súa transformación, o Tema, motivos xeratrices, células rítmicas, etc. para o seu uso na práctica compositiva.





8. Coñece-las posibilidades técnicas que aporta o estudio dos recursos imitativos na elaboración das obras.

### 3º TRIMESTRE

1. Coñecer e utilizar os recursos imitativos no contrapunto e o seu emprego no canon duplo a 8ª ,canon aberto e pechado, finito e infinito.
2. Coñecer e utilizar os principais elementos e procedementos compositivos que interveñen no sistema tonal: notas alleas a harmonía: apoiaturas e nota pedal.
3. Utilizar os acordes de sobretónica e de 6ª Napolitana.
4. Interiorizar os elementos estudados a través da súa realización no piano.
5. Identificar a través da análise os elementos e procedementos aprendidos.
6. Identificar a través da audición os elementos aprendidos.

## 6.1.2 Contidos

### 1º TRIMESTRE

#### CONCEPTUAIS

#### Estudio do Contrapunto simple:

1. Cantus Firmus modal e tonal.
2. Normas de construción das melodías para o seu uso no contrapunto.
3. Normas da condución harmónica das voces.
4. Normas do contrapunto vogal de 1ª, 2ª , 3ª ,4ª e 5ª especie, a dúas partes.





5. Normas do contrapunto instrumental rigoroso a dúas voces.

### Harmonía

1. Sétimas sobre tódolos graos (repasso)
2. Progresións modulantes, por cambio de tono e series de sétimas (repasso)
3. IV grao elevado (Dominante da dominante).
4. Dominantes secundarias.
5. VI grao rebaixado e os acordes no que intervén.
6. A figuración melódica: notas de paso, bordaduras e retardos. *A cambiata*.
7. Harmonización de corais no estilo de J.S.Bach (empregando a figuración melódica estudada)

### Composición

1. Normas de construción de frases musicais e harmonización das mesmas.
2. Técnicas de construción de modelos de acompañamento pianístico empregando os recursos harmónicos coñecidos e a súa aplicación coma soporte a unha melodía.
3. As cadencias e a súa importancia como recurso de puntuación na composición.
4. Construción de pequenas estruturas formais utilizando os recursos aprendidos.
5. Tocar no piano os traballos realizados.

### Análise

1. Análise harmónica: areas tonais, funcións dos acordes, tipos de acordes; notas alleas; cadencias





2. Análise fraseolóxica: concepto de frase musical; elementos nos que se pode dividir: Motivo, subperíodo, semifrase, o ictus; Frases : binarias e ternarias, conclusivas e suspensivas, simétricas e asimétricas; unitónicas e modulantes; afirmativas e negativas. Clasificación das mesmas segundo o seu comezo remate: téticas, anacrúsicas, acéfalas/masculinas-femeninas.
3. Contorno , fluxo melódico e punto climático.
4. Clasificación das texturas: homofónica, polifónica, melodía acompañada.
5. Forma musical, concepto e importancia histórica.
6. Os corais de J. S. Bach e outros compositores.

## PROCEDIMENTAIS

1. Elaborar melodías a modo de *cantus firmus* para o seu posterior uso na práctica contrapuntística.
2. Realizar contrapuntos en 1ª, 2ª , 3ª ,4ª e 5ª especie a dúas voces sobre os 'cantus' previamente construídos.
3. Aplicar o contrapunto de especies ao contrapunto instrumental
4. Harmonizar melodías (frases) empregando os recursos harmónicos estudados.
5. Construír acompañamentos pianísticos para as devanditas melodías.
6. Realizar exercicios de harmonía empregando modulacions (diatónica e cromática) progresións modulantes e por cambio de tono, sétimas sobre tódolos graos; IV grao elevado, VI rebaixado e dominantes secundarias.
7. Realizar corais harmonizados e figurados.







8. Composición de pequenas obras dun xeito libre e “obrigado” con formas musicais básicas, primaria, binaria e ternaria empregando os recursos aprendidos nos outros apartados.
9. Realizar exercicios de recoñecemento auditivo dos recursos estudados.
10. Analizar obras en onde se exemplaricen as materias estudadas; harmonía, contrapunto, textura, continuidade, desenvolvemento das ideas musicais, acompañamentos, frases, motivos, etc.

## ACTITUDINAIS

1. Valora-la importancia da composición como medio de expresión creativa e artística.
2. Valora-la importancia do estudio da harmonía e do contrapunto como ferramentas indispensables para a composición e a comprensión do fenómeno de creación musical
3. Valora-la importancia da análise coma recurso que posibilite a comprensión das obras estudadas e a súa importancia no estudio da interpretación musical.

## 2º TRIMESTRE

## CONCEPTUAIS

### Contrapunto

1. Contrapunto instrumental libre a dúas voces.
2. Normas do contrapunto vogal a tres voces en tódalas especies.





3. Contrapunto imitativo: Imitación directa ou natural, en espello, retrógrada, retrógrada contraria, por aumento e diminución.
4. contrapunto dobre á 8ª

### Harmonía

1. Escalas auxiliares.
2. Acordes de 9ª de Dominante.
3. Notas alleas á harmonía: anticipacións, escapadas, elisións.
4. coral figurado

### Composición

1. Outras formas de pensamento ou organización melódica e a súa transformación. O Tema, motivos xeneratrices, células rítmicas.... para o seu uso na práctica compositiva.
2. Posibilidades técnicas que aportan os recursos imitativos na elaboración das obras.
3. A invención a 2 voces: normas de construción.

### Análise

1. Análise motívica.
2. Tema: definición, características. Transformacións temáticas
3. Funcións instrumentais e as súas características (coñecemento dos instrumentos da orquestra e banda), principios básicos de instrumentación .
4. Imitación: directa, rítmica, invertida, etc.
5. Análise de corais (continuación)





6. Análise de invencións a 2 voces.
7. Análise de fragmentos de fugas nos que interveñan os elementos contrapuntísticos estudados.

## PROCEDIMENTAIS

1. Elaborar melodías a modo de temas e motivos para o seu uso na composición.
2. Realizar contrapuntos en tódalas especies a tres voces sobre os 'cantus' previamente construídos.
3. Realizar contrapuntos dobres á 8ª.
4. Realizar contrapuntos instrumentais simples e imitativos a 2 voces.
5. Compoñer invencións a 2 voces para piano partindo dun tema e dun esquema de construción dados.
6. Harmonizar melodías (frases) empregando os recursos harmónicos estudados.
7. Construír acompañamentos pianísticos para as devanditas melodías
8. Harmonizar corais.
9. Realizar exercicios de harmonía empregando as escalas auxiliares; III grao e VII rebaxados e acordes de 9ª.
10. Composición de pequenas obras dun xeito libre e "obrigado" empregando os recursos aprendidos nos outros apartados.
11. Realizar exercicios de recoñecemento auditivo dos recursos estudados.
12. Tocar os traballos realizados no piano.





13. Analizar obras en onde se exemplaricen as materias estudadas; harmonía, contrapunto, textura, continuidade, desenvolvemento das ideas musicais, acompañamentos, frases, motivos, etc.

## ACTITUDINAIS

1. Valora-la importancia da composición como medio de expresión creativa e artística.
2. Valora-la importancia do estudio da harmonía e do contrapunto como ferramentas indispensables para a composición e a comprensión do fenómeno de creación musical.
3. Valora-la importancia da análise coma recurso que posibilite a comprensión das obras estudadas e a súa importancia no estudio da interpretación musical.
4. Valora-la importancia da educación auditiva non só no plano de formación puramente técnica se non tamén polo que aporta a unha percepción mais activa do fenómeno de creación musical ampliando os matices e dando unha visión moito mais rica e variada.

## 3º TRIMESTRE

## CONCEPTUAIS

### Contrapunto

1. Contrapunto a 3 voces en tódalas especies e as súas combinacións.
2. canon duplo a 8ª .
3. Contrapunto imitativo (continuación).





4. Práctica do contrapunto libre.
5. Contrapunto dobre á 8ª

### Harmonía

1. Apoiaturas e nota pedal.
2. II grao rebaixado (continuación do estudio da harmonía alterada natural acorde de 6ª Napolitana).
3. Acordes de sobretónica.
4. A harmonización de corais (continuación)

### Composición

1. Construción de pequenas obras utilizando os recursos aprendidos.
2. A invención a 2 voces: continuación do seu estudo. A 3ª voz engadida.
3. Tocar no piano os traballos realizados.

### Análise

1. Imitación e canon.
2. Os corais de J. S. Bach
3. As invencións a 2 e 3 voces.
4. Análise dos aspectos instrumentais en obras ou fragmentos musicais.

## **PROCEDIMENTAIS**





1. Realizar contrapuntos con mixtura de especies a 3 voces.
2. Realizar canons a 8ª.
3. Realizar contrapunto imitativo (continuación)
4. Realizar contrapuntos dobres á 8ª.
5. Realizar invencións a 2 voces con 3ª voz engadida.
6. Harmonizar melodías (frases) empregando os recursos harmónicos estudados.
7. Construír acompañamentos pianísticos para as devanditas melodías.
8. Harmonizar corais.
9. Realizar exercicios de harmonía empregando;ll grao rebaixado e o acorde de sobretónica
10. Composición de pequenas obras dun xeito libre e “obrigado” empregando os recursos aprendidos nos outros apartados.
11. Realizar exercicios de recoñecemento auditivo dos recursos estudados.
12. Tocar os traballos realizados no piano.
13. Analizar obras en onde se exemplaricen as materias estudadas; harmonía, contrapunto, textura, continuidade desenvolvemento das ideas musicais, acompañamentos, frases, motivos, etc.

## ACTITUDINAIS

1. Valora-la importancia da composición como medio de expresión creativa e artística.
2. Valora-la importancia do estudo da harmonía e do contrapunto como ferramentas indispensables para a composición e a comprensión do fenómeno de creación musical.





3. Valora-la importancia da análise coma recurso que posibilite a comprensión das obras estudadas e a súa importancia no estudio da interpretación musical.
4. Valora-la importancia da educación auditiva non só no plano de formación puramente técnica se non tamén polo que aporta a unha percepción mais activa do fenómeno de creación musical ampliando os matices e dando unha visión moito mais rica e variada.

### 6.1.3 Avaliación

A avaliación será contínua, valorando o traballo realizado ao longo do curso, a regularidade do mesmo, a súa calidade e, en aqueles apartados que esixan participación, as aportacións individuais, e o interese amosado. Levarase a cabo un seguimento pormenorizado do progreso de cada alumno de xeito individualizado. Tendo en conta que a prioridade da materia é a adquisición das técnicas e destrezas básicas necesarias para a composición, sendo fundamental o aspecto práctico da mesma, a atención principal na avaliación será o seguimento individual do traballo de cada alumno. O outro aspecto fundamental será a evolución da capacidade de reflectir na partitura dun xeito coherente o estudado.

#### Criterios de avaliación

Os criterios de avaliación son os elementos da programación que analizan a consecución de cada un dos obxectivos. Deben estar acordes co currículo, co PEC, coa secuenciación dos obxectivos e ser elaborados polos departamentos.

Para este curso, os criterios son:

1. (\*)Amosar o dominio no que se refire á práctica do contrapunto simple a dúas e tres voces.





*Este criterio avalía a capacidade do alumnado de construír liñas melódicas características e equilibradas, respectando a sintaxe do estilo, así como a destreza na superposición das mesmas.*

2. (\*)Amosar o dominio na realización de imitacións utilizando as técnicas do contrapunto imitativo.

*Este criterio avalía a capacidade do alumnado para o diálogo imitativo entre voces, así como a destreza na transformación e elaboración de motivos.*

3. (\*)Os alumnos deberán amosa-lo o seu dominio no que se refire á práctica de construción de canons por movemento directo a dúas voces e a 8ª, sendo capaces de axeitar o aspecto normativo ao creativo, realizando melodías “interesantes” que sexan harmónica e contrapuntísticamente equilibradas.

4. (\*)Os alumnos deberán amosar o seu dominio na realización corais a *capella* no estilo de J.S.Bach.

*Este criterio avalía a capacidade do alumnado para traballar cos elementos e os procedementos característicos das obras ou fragmentos propios deste xénero.*

5. (\*)Os alumnos deberán amosar o seu dominio na composición de invencións a 2 voces no estilo de J.S.Bach.

*Este criterio avalía a capacidade do alumnado para dominar o contrapunto dobre, amosar a creatividade na utilización de motivos e ser capaces de elaborar as diferentes transicións entre temas de cara á conexión co tema ou motivo principal a través da interrelación cos puntos cadenciais.*

6. Os alumnos deberán ser capaces de identificar auditivamente os principios elementos morfolóxicos e sintácticos que configuran a forma a pequena escala.

7. Recoñecer os procedementos morfolóxicos e sintácticos mediante a análise de exercicios , obras ou fragmentos referidos aos contidos do curso e identificar os erros se os houberse e propor solucións.







8. (\*)Os alumnos deberán amosa-lo o seu dominio no que se refire ós contidos de ampliación harmónica programados para ó curso, tanto no aspecto de realización de exercicios escritos de harmonía así como no seu uso nos traballos de composición.
9. Os alumnos deberán amosa-lo o seu dominio no que se refire á utilización do piano como medio para constatar sonoramente o escrito.
10. Realizar correctamente e presentar en tempo e forma traballos propostos polo profesor e traballos de creación libres onde se poñan en práctica tódolos elementos estudados, harmonización de melodías, realización de acompañamentos pianísticos, creación de frase musicais e composición de pequenas obras con estruturas formais básicas.

*Preténdese avaliar a capacidade de traballo, organización e planificación do alumnado á hora de elaborar e presentar os traballos realizados ó longo do curso.*

11. Utilizar instrumentos na composición de exercicios ou pequenas obras.

*Preténdese comprobar o grao de coñecemento dos instrumentos que posúe o alumnado, así como a idoneidade de elección das posibilidades e dos recursos utilizados.*

12. Asistir con regularidade ás clases ao longo do curso amosando interese pola asignatura e respecto polos compañeiros e o profesor.

#### Mínimos esixibles

Os sinalados con (\*) considéranse criterios mínimos.

#### Procedementos e ferramentas de avaliación

Os instrumentos de avaliación deben ser obxectivos, fiables e ponderables, capaces de discriminar niveis de rendemento a través de escalas cuantitativas (numéricas) e cualitativas (cualificacións). A avaliación estará centrada fundamentalmente nos contidos de tipo práctico e teórico, priorizándose as probas escritas e a entrega de





traballos compositivos realizados polo alumnado ó longo do curso. Polo tanto, empregaranse como ferramentas de avaliación as seguintes: exames trimestrais teórico prácticos, observación sistemática, diaria e individual de cada alumno; material de clase do alumno; anotacións periódicas do profesor e realización de traballos en grupo nas que os alumnos deberán amosar os coñecementos adquiridos.

### ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN I

1. Harmonizar un coral baixo unha melodía proposta na voz das sopranos.

*O tempo de realización para este exercicio será de 2 horas máximo. (3,5 puntos)*

2. Realizar contrapuntos de especies a 3 voces sobre e baixo *cantus firmus* dados: o profesor ou tribunal especificará as especies a traballar nestes exercicios.

*O tempo de realización deste exercicio será de 2 horas máximo. (2,5 puntos)*

3. Compoñer unha invención para piano a 2 voces con posibilidade de 3ª voz engadida ao final. O tema ou arranque da mesma, será facilitado polo profesor ou tribunal ao alumno/a.

*O tempo de realización será de aproximadamente 4 horas. (4 puntos)*

NOTA: A proba será distribuída ou ben nunha xornada de mañá e tarde ou en dous días consecutivos.

### ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN II (criterio de mínimos)

1. Harmonizar un coral baixo unha melodía proposta na voz das sopranos.

*O tempo de realización para este exercicio será de 2 horas. (4 puntos)*





2. Compoñer unha invención para piano a 2 voces con posibilidade de 3ª voz engadida ao final. O tema ou arranque da mesma, será facilitado polo profesor ou tribunal ao alumno/a.

*O tempo de realización será de aproximadamente 4 horas. (6 puntos)*

NOTA: A proba será distribuída ou ben nunha xornada de mañá e tarde ou en dous días consecutivos.

### **ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN III (perda de avaliación continua)**

En caso de perda da avaliación continua, ademais da proba indicada no criterio de mínimos, o alumno/a entregará os seguintes traballos:

- 2 cánones á 8ª a dúas voces.
- 2 corais harmonizados coa figuración melódica da programación.
- 2 invencións a 2 voces sobre tema proposto.
- 1 obra libre consistente nunha melodía para un instrumento de corda, vento ou cantante con acompañamento de piano.

A proba obxectiva se valorará nun 80% e os traballos presentados nun 20%. Non se avaliará unha sen a outra.

NOTA: A proba será distribuída ou ben nunha xornada de mañá e tarde ou en dous días consecutivos.





### Criterios de cualificación

<b>TÉCNICA COMPOSITIVA (60%)</b>	<b>TECNICA ANALÍTICA E INSTRUMENTAL (10%)</b>	<b>ACTITUDINAIS (30%)</b>	
CRITERIOS AVALIACIÓN 1 – 2 - 3 – 4 - 5 - 8	CRITERIOS AV. 6 – 7 - 9 - 11	C. AV.10 <b>(25%)</b>	C. AV. 12 <b>(5%)</b>

### Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

.....

#### 6.1.4 Medidas de recuperación

.....

#### Procedementos de recuperación ordinarios

Os trimestres con suspenso poderán recuperarse na proba final, engadindo ao exercicio ordinario aquel ou aqueles contidos non superados nos trimestres anteriores. Ademais achegaranse os traballos pendentes se os houbera.

Os alumnos poderán acudir ás titorías coma reforzo.

No caso de **perda de avaliación continúa**, ademais da proba obxectiva final o alumno entregará os traballos compositivos pertinentes (apartado ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN III) que contarán un 20% da nota final sempre que a proba obxectiva estea aprobada.

#### Actividades de recuperación do alumnado.

Traballo de exercicios harmónicos, contrapuntísticos e compositivos:

1. Composición de cánones vogais e instrumentais a 2 voces.





2. Realización de contrapuntos de especies a 2 e 3 voces, tanto en estilo vogal coma instrumental.
3. Realización de corais harmonizados coa figuración melódica da programación.
4. Composición dunha pequena obra libre para instrumento e piano con melodía orixinal do alumno/a.
5. Composición de pequenas invencións para teclado a 2 voces sobre tema proposto.

#### Probas extraordinarias de setembro

1. Harmonizar un coral baixo unha melodía proposta na voz das sopranos.  
*O tempo de realización para este exercicio será de 2 horas. (4 puntos)*
2. Compoñer unha invención para piano a 2 voces con posibilidade de 3ª voz engadida ao final. O tema ou arranque da mesma, será facilitado polo profesor ou tribunal ao alumno/a.  
*O tempo de realización será de aproximadamente 4 horas. (6 puntos)*

NOTA: A proba será distribuída ou ben nunha xornada de mañá e tarde ou en dous días consecutivos.

#### 6.1.5 Recursos didácticos

##### **IMPRESOS (Material curricular básico)**

- MAS DEVESA, MANUEL: Fundamentos de composición. Rivera Editores. Valencia 2007.
- SCHÖMBERG, ARNOLD: Fundamentos de la composición musical. Real Musical. Madrid 2001.
- SCHÖMBERG, ARNOLD: contrapunto





- PLÁ, LLACER: Guía analítica de formas musicales para estudiantes. Real Musical. Madrid 2001
- Bloc de papel pautado normal e a 2 pentagramas (escritura pianística)
- Partituras de obras que conteñan o estudado, tanto vogais, instrumentais coma vogais – instrumentais (Bach, Vivaldi, Telemann, Clementi, Haydn, Mozart, Beethoven, Dussek...) e de pequenas obras románticas (Schumann, Schubert, Chopin, Mendelssohn)

## **AUDIOVISUAIS**

- Equipo de Audio con reproductor de CD e Mp3, TV e DVD.
- Un piano.
- Encerado pautado (a 4 pentagramas mínimo)

## **INFORMÁTICOS**

- Ordenador portátil e software musical. Impresora e Scanner.
- Un teclado “maestro” e un módulo de sons.
- Canón de vídeo.
- Pizarra dixital.

## ***BIBLIOGRAFÍA ESPECIALIZADA***

ALAIN, Olivier: Armonía.

ARBIZU MORENO, J. M.: Didáctica de Eslava. Contrapunto, fuga y composición. Autor-editor 46. Pamplona, 1981.

ARTAZA FANO, J.: evolución armónica y procedimientos compositivos. Master Ediciones

BARÓN, Michel: curso de armonía y contrapunto riguroso. Internet 2001





- D'AGVILO, Sydney: El discurso musical: estudio sobre estilística de la composición. Intervalic. Madrid, 2001.
- DE LA MOTTE, Diether: Harmonía. Labor, 1989
- DE NARDIS, Camillo: Curso Teórico – Práctico de Harmonía. Ed. Ricordi
- FORNER, J. E WILBRANDT, J.: Contrapunto Creativo. Ed. Labor. Barcelona 1993.
- FUBINI, Enrico: la estética musical desde la antigüedad hasta el siglo XX. Ed. Alianza. Madrid 1988.
- HABA, Alois: nuevo tratado de armonía. Real Musical. Madrid, 1984.
- HINDEMITH, Paul: práctica de la composición a dos voces. Ricordi. Buenos Aires, 1962.
- J. GROUT, Donald e V. PALISCA, Claude: historia de la música occidental vol. I e II. Alianza Música. Madrid, 1988
- KÁROLY, Ottó: introducción a la música del siglo XX. Ed. Alianza. Madrid 2000.
- KÜHN, Clemens: historia de la composición musical en ejemplos comentados. Idea Books. Barcelona, 2003.
- LÓPEZ, Julio: la música de la modernidad: de Beethoven a Xenakis. Ed. Antrophos. Barcelona, 1984.
- MÁS DEVESA, M.: Fundamentos de composición. Rivera Editores. Valencia, 2007.
- MOORE, Douglas: Guía de los estilos musicales. Ed. Taurus. Madrid, 1981.
- MORGAN P., Robert: antología de la música del siglo XX. Akal. Madrid 1998/2000
- PISTON, WALTER: Harmonía. Ed. Spans Press Universitaria 1998
- PISTON, WALTER: Orquestación. Real Musical. Madrid, 1984.
- PLANTINGA, León: La música romántica. Ed. Akal. Madrid, 1992.
- REGER, Max: contribuciones al estudio de la modulación. Real Musical. Madrid, 1978.
- RETI, Rudolph: Tonalidad, atonalidad y pantonalidad. Ed. Rialp. Madrid 1965
- RIEMANN, Hugo: Composición Musical. Ed, Labor. Barcelona 1929.
- RIMSKY-KORSAKOV, Nicolai: principios de orquestación. Ricordi Americana. Buenos Aires, 1946.
- ROLDÁN SAMIÑÁN, R.: técnica de la composición. Ediciones Si Bemol S.L. Málaga 2004.
- ROSEN, Charles: El estilo Clásico: Haydn, Mozart, Beethoven. Alianza Ed. Madrid, 1986.





- ROSEN, Charles: Formas de sonata. Ed. Labor. Barcelona 1987.
- SALZER, F e SCHACHER, C.: el contrapunto en la composición: estudio de la conducción de las voces. Idea Books S.A. Barcelona, 2000
- SCHÖMBERG, Arnold: Modelos para estudiantes de composición. Ricordi Americana. Buenos Aires, 1943.
- SCHÖNBERG, Arnold: Harmonía. Ed. Real Musical. Madrid, 1974
- STEVENS, Denis: la música instrumental del barroco (historia general de la música, vol. II) Ed. Istmo, Madrid, 1966.
- SWINDALE, Owen: La composizione polifónica. Ed. Ricordi. Milán, 1979 (italiano)
- TEMES, José L.: los instrumentos de percusión en la música actual. Ed. Digesa. Madrid, 1979.
- TOCH, Ernst: La melodía. Labor. Barcelona, 1989.
- VITTORIO, Roberto J. de: Armonía y composición aplicados a la guitarra. Alpuerto S.A. Madrid, 1995.

## 7. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

---

Procederáse á valoración da programación didáctica despois de cada avaliación, tendo en conta as cualificacións e o análise detallado de tódolos obxectivos e contidos incluídos.

Levarase a cabo un seguimento mensual sobre o cumprimento da programación.

Ao final de cada curso revisarase a consecución dos obxectivos baseándose no traballo por parte do alumnado dos diferentes cursos.

Os procedementos de avaliación a utilizar serán os seguintes:

1. **Avaliación diagnóstica inicial.** Nas primeiras clases farase un control do nivel que trae o alumnado do curso anterior. Ademais informarase ao alumnado sobre cuestións







relativas ao desenvolvemento da programación (obxectivos, contidos, actividades e criterios de avaliación e cualificación, perda da avaliación continua, etc.). Tamén se lles remitirá á consulta da páxina web do conservatorio na que no apartado de alumnado poden consultar as programacións actualizadas.

2. **Avaliación continua ou de progreso.** Ó longo do curso farase uso das actividades e criterios de avaliación para comprobar a evolución do alumnado.
3. **Avaliacións trimestral e final.** Ó final de cada trimestre e do curso realizarase algunhas das actividades de avaliación previstas na programación, para comprobar o nivel acadado polo alumnado.

#### **Actividades de autoavaliación do alumnado.**

Pódense facer diversos exercicios para que o alumnado coñeza o seu propio nivel, coma que se intercambien as obras realizadas por eles comentando as diferenzas e os resultados finais de outros correctamente realizados.

## **8. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento**

---

Os integrantes do departamento de Fundamentos de Composición estarán atentos ao grao de cumprimento das respectivas programacións didácticas, así como da evolución de cada un dos alumnos e alumnas que cursan as materias impartidas. Nas reunións departamentais teranse en conta os indicadores de calidade de ensinanza, que marcarán as seguintes actuacións:

- Grao de cumprimento da programación didáctica
- Nivel de participación e asistencia ás clases
- Relación de resultados cuantitativos obtidos a curto prazo
- Número de actividades postas en marcha





- Valoración positiva por parte do profesor
- Grao de eficacia das actividades deseñadas

En vistas dos resultados obtidos, cada certo tempo pódense prever actuacións escolares e extraescolares específicas que fomenten a consecución de obxectivos marcados polas programacións. A este efecto pódense ofertar clases de apoio educativo, así como clases de apoio ao estudo que reforcen certos aspectos que demande o alumnado. Despois de cada avaliación trimestral realizaranse estudos de porcentaxes de resultado, sometendo a debate a posibles liñas de actuación, así como a posibilidade de ofrecer métodos de recuperación alternativos. Ao remate do curso realizarase unha memoria final na que se faga unha reflexión profunda sobre o grao de cumprimento da programación, así como as actuacións que foron ou que serán precisas para o futuro para o correcto funcionamento do departamento. Axuntaranse igualmente as porcentaxes de resultados por materias e a relación de actividades paralelas desenvolvidas.

En canto a autoavaliación do departamento:

1. Reparto de enquisas entre o alumnado con cuestións coma o seu nivel de satisfacción coa materia e o seu nivel de comprensión da mesma.
2. Estatísticas comparativas dos resultados entre diferentes grupos, incluíndo distintos anos e profesores.

En base ós resultados destas actividades, implementaránse as medidas correctoras oportunas.





## 9. ANEXOS

---

.....

### 9.1 Probas de acceso 1º de grao profesional

.....

Contidos

.....

Criterios de avaliación e cualificación

.....

### 9.2 Probas de acceso a outros cursos

.....

Contidos

....

Criterios de avaliación e cualificación

....

### 9.3 Criterios para a obtención dos premios fin de grao

.....

